

NO CABO DANO DO PRESTIGE **NUNCA MÁIS VISITA CON XORNALISTAS O LITORAL**

Xabier Vázquez e Martiño Nercellas

Xabier Vázquez



A plataforma Nunca Máis e Burla Negra, en colaboración de ADEGA, organizaron unha saída ao litoral galego para dar a coñecer a situación actual dos ecosistemas litorais a aqueles xornalistas de medios que así o desexaran. Unha pequena excursión partiu o pasado día 14 de novembro de Santiago de Compostela para o litoral de Carnota e Fisterra, incluído un selecto grupo de medios de comunicación que se interesaron por coñecer in situ o estado actual da costa, lonxe da propaganda oficialista.

O primeiro punto de parada foi o entorno da Punta Insua, nas proximidades do faro de Lariño no concello de Carnota, unha das zonas máis afectadas polo chapapote. Este lugar constitúe un auténtico 'parque temático' sobre o chapapote e os diferentes impactos ambientais. Os coidos ou praias de bolos nos que aínda non se interviu (nestes momentos segue a traballar un grupo de voluntarios na zona) atópanse en xeral con grandes cantidades de fuel percolado. Noutros casos, nos que interviñeron empresas constructoras, atópanse fortemente desestructurados e con cantidades significativas de fuel. Trátase de interesantísimas formacións xeomorfolóxicas con diferentes estadios de acti-

vidade actual que, en termos xerais, sufriron tanto a chegada de chapapote como a limpeza por métodos moi agresivos que aínda hoxe perduran.

Na zona tamén podemos contemplar unha pequena duna fósil que permanecía inalterada dende fai uns 120.000 anos e hoxe en día atópase desprovista de vexetación, con importantes problemas de contaminación secundaria e desprotexida fronte a acción dos elementos.

Igualmente puidemos contemplar outros aspectos da loita contra o galipote: nas charcas intermareais detectamos doadamente indicadores que nos dan conta da auténtica problemática do fuel: os efectos da contaminación sobre as especies. Así, atopamos unha grande proliferación de algas verdes fronte a algas vermellas que están a desaparecer, unha grande explosión de individuos adultos de minchas e anémonas que contrasta coa inexistencia practicamente total de individuos xuvenís; ourizos, estrelas de mar e camaróns brillan pola súa ausencia, mentres chama poderosamente a atención a grande cantidade de mexilla (cría de mexillón) desprendida.

Nas superficies rochosas podemos observar os efectos da aplicación inco-

rrecta de protocolos de hidrolimpeza: eliminación tanto das comunidades biolóxicas como da capa superficial de alteración da rocha, o que na práctica significa a 'esterilización' de grandes superficies rochosas no litoral coa conseguinte perda de biodiversidade que tardará moitos anos en comezar a recuperarse.

Por último contemplamos igualmente a abertura de moitos kilómetros de pistas en pleno LIC (Lugar de Interese Comunitario), que moito nos tememos non serán nunca restauradas, xa que moitas delas están xa asfaltadas.

Trasladados a Fisterra, achegámonos a dúas praias, a de O Rostro e a de Arnela. Na primeira sorprende a actual chegada de fuel en forma de pequenas 'lentellas' que cubrían a liña supramareal e que mantén ocupado a un nutrido grupo de operarios. Eran igualmente visíbeis os 'zócalos' de chapapote: o fuel impreg-

A Punta Insua, perto do faro de Lariño, en Carnota, constitúe un auténtico 'parque temático' sobre o chapapote e os seus impactos, desde a presenza de fuel un ano despois do accidente, pasando polas afeccións xa palpábeis sobre as especies e a destrución de dunas con máis de 120.000 anos de antigüidade

nou rochas á beira de praias que posteriormente incrementaron a potencia de area; as rochas foron limpadas ata o seu límite anterior coa area, e ao retirarse esta cos actuais temporais, deixa esas curiosas bandas de fuel.

Xa en Arnela, o brutal destrozo ao que foi sometido o extraordinario sistema dunar mostrouse con claridade a todos os presentes; igualmente observamos o hábitat de diferentes especies vexetais ameazadas así como a formación de 'mousse de chocolate' na espuma das ondas por mor do fuel existente no medio que se suma ao arrancado das rochas, amosando claramente que este episodio de contaminación aínda non rematou.